

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Entre os deberes recollidos no Estatuto marco de persoal estatutario dos servizos de saúde NON figura?**

- A) Manter a debida reserva e confidencialidade da información e documentación relativa aos centros sanitarios e aos usuarios obtida, ou á que teña acceso, no exercicio das súas funcións.
- B) Utilizar os medios, instrumental e instalacións dos servizos de saúde en beneficio do paciente, con criterios de eficiencia, e evitar o seu uso ilexítimo en beneficio propio ou de terceiras persoas.
- C) Ser identificados polo seu nome e categoría profesional polos usuarios do Sistema Nacional de Saúde.
- D) Manter debidamente actualizados os coñecementos e aptitudes necesarios para o correcto exercicio da profesión ou para o desenvolvemento das funcións aínda que non correspondan ao seu nomeamento.

**2. Entenderase como «risco laboral»:**

- A) O conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.
- B) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- C) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- D) Aquel que resulte probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato e poida supoñer un dano grave para a saúde dos traballadores.

**3. Entre á responsabilidade disciplinaria, terá consideración de falta grave?**

- A) O incumprimento do deber de respecto á Constitución ou ao respectivo Estatuto de Autonomía no exercicio das súas funcións.
- B) O abandono do servizo
- C) O incumprimento da obriga de atender os servizos esenciais establecidos no caso de folga.
- D) O abuso de autoridade no exercicio das súas funcións.

**4. Conservarase indefinidamente a seguinte información da historia clínica, segundo a Lei galega 3/2001 , do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:**

- A) Relación de medicamentos que tomou o paciente.
- B) Informes persoais.
- C) Informes de alta.
- D) Información subxectiva.

**5. Segundo o Estatuto de autonomía de Galicia, a Administración Pública Galega pode:**

- A) Recoñecer personalidade xurídica á parroquia rural.
- B) Recoñecer unha nova provincia.
- C) Non recoñecer a comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación propia.
- D) Aumentar os límites territoriais da Comunidade Autónoma.

**6. É unha competencia exclusiva do Estado segundo a Lei xeral de sanidade?:**

- A) A sanidade exterior e as relacións e acordos sanitarios internacionais.
- B) Control sanitario do medio ambiente.
- C) O rexistro xeral sanitario de alimentos.
- D) O control dos hospitais públicos.

7. Segundo a Lei de saúde de Galicia, a quen corresponde á aprobación do Plan de saúde de Galicia?

- A) Ao Parlamento de Galicia
- B) Á Consellería de Sanidade
- C) Ao Consello da Xunta de Galicia.
- D) Ao Servizo Galego de Saúde.

8. No artigo 43 da Constitución Española recoñécese o dereito á protección da saúde, este é un:

- A) Dereito Fundamental
- B) Deber público.
- C) Principio rector.
- D) Dereito dos cidadáns.

9. NON se atopa entre os sistemas de selección no Servizo Galego de Saúde?

- A) Oposición.
- B) Concurso.
- C) Concurso–oposición.
- D) Libre designación.

10. Entre as funcións do Servizo Galego de Saúde está?

- A) A sanidade exterior.
- B) A policía mortuoria.
- C) O control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes que impacten na saúde da súa cidadanía.
- D) O desenvolvemento dos programas de actuación sanitaria.

#### Preguntas de reserva

1. Clasificación do persoal estatutario. Cal é a correcta?

- A) Persoal estatutario sanitario, persoal estatutario de xestión e servizos.
- B) Persoal estatutario sanitario e persoal laboral.
- C) Persoal estatutario sanitario e outro tipo de persoal estatutario.
- D) Persoal estatutario e persoal funcionario.

2. Segundo a Lei galega 3/2001 , do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:.

- A) O paciente ten o dereito de acceso á documentación da historia clínica pero non pode obter copia dos datos que figuran na mesma.
- B) O paciente ten o dereito de acceso á documentación da historia clínica e a obter copia dos datos que figuran na mesma. Os centros sanitarios regularán o procedemento que garanta a observancia destes dereitos.
- C) O paciente non ten o dereito de acceso á documentación da historia clínica.
- D) A lei só regula o dereito ao consentimento informado non ao acceso á historia clínica